



Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de contrato "Campamento de Verán do Concello de Tui para o ano 2017".

Realizado en acto público, o día 7 de xuño, en relación ao contrato de "Campamento de Verán do Concello de Tui para o ano 2017" apertura correspondente ao sobre nº 3 - Criterios no que a ponderación dependa dun xuízo de valor - Proxecto de prestación de servizo - e unha vez que se procedeu a emitir informe valorativo polo técnico municipal membro da mesa, aos efectos de continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación do contrato "Campamento de Verán do Concello de Tui para o ano 2017", en acto non público, para o vindeiro, **luns, día 12, ás 10,00 horas** para posta en coñecemento de informe valorativo emitido polo técnico municipal e outorgamento de puntuacións pola Mesa ao sobre nº 3 - Criterios no que a ponderación dependa dun xuízo de valor - Proxecto de prestación de servizo".

SEGUNDO.- Convocar á Mesa de Contratación do contrato "Campamento de Verán do Concello de Tui para o ano 2017", en acto público, para o vindeiro **luns, día 12, ás 10,30 horas** para apertura do sobre nº 2 - Criterios cuantificables de forma automática - que contén: Oferta económica, aumento de número de prazas en cada quenda de campamento e aumento no horario do campamento, en cumprimento da cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

TERCEIRO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante e dar traslado os membros da Mesa.

Mándao e asinao o Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González, en Tui.
Documento asinado dixitalmente ao marxe.